


LONXE DE NOS E DENTRO E OUTRAS PAXINAS



GONSAR, CAMILO

SYNOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións dende 1950, traendo ao lectorado de hoxe moitas destas obras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade, grazas á Biblioteca 75 anos.

O novo volume desta colección conmemorativa é Lonxe de nós e dentro e outras páxinas, de Camilo Gonsar, con introdución da escritora Antía Yáñez. Saída do prelo na colección Illa Nova de Editorial Galaxia en 1961, tratase do debut dun autor clave dentro do proceso modernizador das letras galegas contemporáneas. Son, os relatos que compoñen esta obra, fundamentalmente disruptivos coa tradición anterior. O fantástico e marabilloso esvaece, e batemos cun realismo que acredita o baleiro da cotiandade nas grandes cidades, o absurdo da existencia e á alienación inherente a toda experiencia migratoria.

Di o propio, Gonsar no limiar á segunda edición en 1985: “ao reler os contos de Lonxe de nós e dentro, escritos a finais dos anos cincuenta, sorprendeume un feito ben sabido, pero que non se adoita medir en todo o seu alcance: a profundidade do cambio social que tivo lugar en trinta anos máis ou menos”. Pasaron xa outros 40 anos desta edición e o cambio social multiplicouse de xeito exponencial, mais hai algo que non mudou, a extraordinaria calidade literaria destes relatos. Pasen e gocen de Gonsar en todo o seu esplendor....

Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	FICCIÓN MODERNA E CONTEMPORÁNEA
Collection	BIBLIOTECA 75 ANOS
EAN	9788411764896
Status	Dispoñible
Binding	Tapa blanda
Pages	140
Size	220x150x0 mm.
Price (Tax inc.)	19,50€
Release date	05/09/2025

Related Titles

